

HOMENAXE A LUIS FREIRE NO CENTENARIO DO SEU NACEMENTO

por

J.A. DÍAZ NÚÑEZ*

Como deixou dito o poeta libanés Khalil Gibran “*Hai quen dan con alegría e esa alegría é o seu premio*”. Estamos seguros de que Luís Freire, o noso mestre e primeiro Presidente do *Grupo Micrológico Galego*, non ansiaba máis premio que gozar coa alegría de dar. Polo seu enorme e inagotable curiosidade destacaba no coñecemento das disciplinas máis diversas do saber. A súa vida foi un constante compartir eses coñecementos con todos os que tivemos o privilexio de coñecelo. Marisa Castro, a súa compañeira de moitos anos, defíneo moi acertadamente como “Un renacentista no século XX, un home sinxelo, humilde, comprometido, integro e consecuente”. Por todo iso, Luís estará sempre presente na nosa realidade e o *Grupo Micrológico Galego* e a *Asociación de Amigos da Casa das Ciencias* levamos a cabo unha serie de actos para conmemorar o centenario do seu nacemento.

Actos de conmemoración

Os amigos de Luís sabemos moi ben o moito que valoraba a idea da divulgación científica. A Casa das Ciencias e o parque de Santa Margarita eran para el unha parada case obligatoria cando tiña a oportunidade de volver pola Coruña. Por iso, o primeiro acto do



* Presidente do *Grupo Micrológico Galego*

día 12 de Abril de 2014 consistiu en colocar na Avenida da Ciencia do parque, unha placa de bronce conmemorativa, que manterá vivo o seu recordo. Javier Novelle, Presidente da Asociación de Amigos da Casa das Ciencias, preséntanos ao Tenente Alcalde do Concello da Coruña D. Xullo Flores, quen preside o acto e pronuncia unhas palabras de homenaxe a Luís Freire, destacando a súa condición de científico notable, home de ben e coruñés ilustre.

Intervén Alberto Freire Mallo, fillo de Luís, quen pide recitar unha trova en memoria do seu pai:

*Quien como Tú, su memoria
deja en la gallega nación;
tiene, para eterna gloria un lugar en la historia
y otro en el corazón.*

*¡Mármoles! ¡Bronces!. En vano os alzáis.
¿Cuántos han sido en ellos inmortalizado?
¡Mas yo he visto a más de un villano
en más de una placa o estatua convertido!*

*Una, tal vez colosal
te hará el científico genio.
Mas lo que te hace inmortal
tiene por nombre, tu ingenio
¡y a la Ciencia por pedestal!!*

A continuación procedeuse a plantar un carballo autóctono, algo vivo que simboliza a fortaleza de Luís e o seu amor pola natureza. Alberto Freire, recita outra poesía. Termina o acto cun percorrido botánico polo parque, conducido por Carlos Franco Aradas, quen nos ilustra sobre as especies significativas do lugar.



Acto na Domus

Pola tarde, ás 19 horas, tivo lugar un entrañable acto na Sala Leonardo da Vinci, da DOMUS, con gran asistencia de público, onde a súa familia e amigos de todas as épocas dan testemuño das enriquecedoras experiencias vividas con Luís Freire.



Doña Mónica Iglesias, Directora do Servizo dos Museos Científicos Coruñeses, dá a bienvenida e agradece a todos a asistencia a un acto que nos permitirá coñecer mellor a un personaxe que tanto tivo que ver coa creación da Casa das Ciencias. Cede a palabra a José Antonio Díaz Núñez, Presidente do *Grupo Micolóxico Galego*, quen presenta ás persoas que ofrecerán os seus testemuños.

Julio Andrade Malde

A primeira intervención corresponde a Julio Andrade Malde, gran amigo persoal de Luís, co que compartiu saídas ao campo e longas e enriquecedoras horas de charlas culturais e científicas. Julio empeza dicindo que outros darán mellor testemuño do gran científico que era Luís e que el centrarase máis na súa faceta de extraordinario ser

humano. Para Julio, Luís é “o seu personaxe inesquecible”.

Di que era ante todo naturalista, pero que podía falar con criterio de filosofía, literatura, arte, música e calquera faceta da cultura. Fálanos da súa enorme xenerosidade e como gozaba compartindo os seus coñecementos coas demais. Posuía un extraordinario sentido do humor, signo inconfundible dunha gran intelixencia e cando ría, facíao con todo o corpo, con “gargalladas homéricas”. Julio e a súa familia gozaron grandes paseos con Luís, aprendendo a recoñecer cogomelos, cunchas, animais e a como funciona a natureza. Conta Julio algunha anécdota que define o seu enorme desenvolvemento intelectual e a súa gran humanidade. Tamén recorda a súa envexable vitalidade: corría, nadaba, xogaba ao fútbol e a pesar do pouco que durmía, era realmente incansable. Termina Julio dicindo que, ogaglá máis tarde que cedo, teña a oportunidade de abrazar a Luís cando o encontre identificando un cogomelo nos xardíns do Paraíso.



Cristina García-Echave Puente

A continuación, Cristina García-Echave, dános testemuño do agarimo e admiración que na súa casa, de familia numerosa, sentíase polo Practicante de cabeceira, que por aqueles anos era Luís Freire. O pai de Cristina sempre comentaba que Luís, pola súa curiosidade e saberes coñecía a ciencia médica como calquera profesional da medicina. Cóntanos anécdotas simpáticas que falan do sentido do humor de Luís e como lles introducía no mundo da natureza identificándoos cogomelos, arañas e algún escorpión. Insiste Cristina en dar testemuño do enorme cariño e respecto que a súa familia



sempre tivo por Luís Freire e o importante que chegou a ser na súa vida. Ela era moi rapaza naqueles tempos, pero nós creemos que si máis tarde estudou bioloxía, algo tivo que ver o recordo de Luís.

Ramón Núñez Centella

O presentador dá a palabra a Ramón Núñez, quen foi impulsor e primeiro director da Casa das Ciencias, a Domus e o Aquarium Finisterrae. Na actualidade Director do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía. Moncho Núñez cóntanos que coñeceu a Luís fai 30 anos. Era a primavera do ano 1984 e o embarazo dese gran museo da divulgación científica do noso país mostrábase duro e difícil. Existía entón un movemento social importante e poderoso en contra a idea de crear o Planetario e a Casa das Ciencias no Palacete de Santa Margarita. Pretendíase construír nese lugar un museo de arte contemporánea. Moncho fálanos da necesidade de atopar xente que apoiase a idea da Casa das Ciencias e por mediación de Antonio Prunell, coñeceu Luís Freire e Marisa Castro.



Ambos os dous causáronlle moi boa impresión e comenta “Luís cativoume”. O apoio entusiasta e decidido que prestou á idea dun museo científico de divulgación, proporcionoulle a Moncho un pouco máis de forza para seguir defendéndoa. Unha frase de Luís durante aquel encontro quedóuselle profundamente gravada: “A ciencia non consiste en crer senón en crear”. Di Moncho que iso era moito máis que un xogo de palabras. Era unha definición brillante. Na primeira publicación que se realizou na Casa das Ciencias figuraba un libro de citas de personaxes ilustres e esa frase

de Luís Freire destacaba entre tantos pensadores, todos estranxeiros. Luís participou activamente en potenciar esa idea de divulgación da ciencia nos museos científicos da Coruña, participando en gran cantidade de actividades. Ramón Núñez Centella termina dicindo que foi un dos motores que impulsou esa científica institución.

Luis Felipe Mouriño Fernández

O seguinte en dar o seu testemuño é Luís Felipe Mouriño, quen foi durante moitos anos Director do Albergue Xuvenil de Gandarío. Cóntanos Luís Felipe que el pouco pode falar do Luís Freire científico, investigador e humanista, pero agradece a oportunidade de prestar humilde testemuño, cun enorme respecto e gratitud, sobre a súa relación de verdadeira amizade cun home realmente extraordinario. Coñeceu a Luís por mediación do biólogo Andrés Lamas, quen llo presentou a principio dos anos



oitenta. Luís Felipe atopábase empeñado na modernización do Albergue de Gandarío. Freire realizaba frecuentes visitas ao centro e pronto entrou, dun xeito altruísta, a formar parte do fantástico equipo de colaboradores. Sorprendía a súa capacidade para ensinar, escoitar e aconsellar con incrible rigor e humildad. Sempre vía algo no que os demais non repararan e sorprendía velo rodeado de raparigos aos que atendía por igual. Daba o mesmo que a pregunta fose sinxela e formulada por un dos máis novos, ou que se tratase dunha sesuda observación de tese doctoral. Para todos a mesma atención, o mesmo agarimo e igual respecto.

Luís Felipe segue contándonos que Luís foi fundamental para a creación da “*Contorna Afectivo de Gandarío*”, realizando con Marisa Castro o libro *Flora Ornamental do Albergue Xuvenil de Gandarío*, publicada polo I.N.I.C.E. e máis tarde mellorada noutra edición publicada pola Xunta de Galicia e coa colaboración de Fernando Rei, pasando de 105 a 250 especies. A curiosidade de Luís era inagotable e a principio dos anos setenta comezou a recoller e estudar cunchas mariñas na praia de Gandarío. Durante uns anos seguiu recollendo material por lugares diversos, ata lograr 400 exemplares. Unha fantástica colección, que xunto con meticulosas e documentadas anotacións, Luís doou desinteresadamente ao Albergue de Gandarío. Este valioso material deu lugar ao libro *Colección Luís Freire: catálogo de cunchas expostas no albergue xuvenil de*

Gandarío, publicado pola Xunta de Galicia no ano 1994. Esta nova achega de Luís ao Albergue foi acollida con gran emoción e entusiasmo e as 400 especies de cunchas foron amorosamente depositadas nuns estantes de madeira de faia, tallada coa tipografía autógrafa do autor, Luís Freire.

Francisco Armesto Ramón

Quenda para Francisco Armesto, Director de Actividades dos Museos Científicos Coruñeses e por iso, coordinador dos Premios Luís Freire de Investigación Científica para Escolares. Fran cóntanos que estes premios foron creados no ano 1999, en homenaxe a Luís Freire, polo que el significou para a Casa das Ciencias. pasaron moitos anos desde entón, pero seguimos recordando a Luís.

Recórdase por como foi, pola súa curiosidade, pola alegría de coñecer e ensinar e por como gozaría coas preguntas que formulan os escolares no certamen que leva o seu nome. Francisco Armesto imaxínase o goce de Luís escoitando a seguinte pregunta: *“Inflúe a cor da comida que inxeren os caracois na cor das cacas que depositan?”*. Fran cre que esa pregunta e todas as que buscan resposta científica nos fan recordar a personalidade de Luís, a súa calidade humanística, o seu amor pola ciencia, a divulgación e a preocupación pola formación dos mozos.

Estaría orgulloso do récord batido polo programa no ano 2013, con 240 preguntas, das cales 66 pasaron á final. Armesto cóntanos que o certame segue crescendo. As primeiras participacións reservábanse úni-



camente para o ensino secundario, pero na actualidade participan tamén os escolares de primaria e en moita cantidade e calidade. Para os próximos cursos adecúase a participación ao calendario escolar, comezando en setembro e ademais poñeranse en marcha por primeira vez premios para investigación e desenvolvemento tecnolóxico e creativo. Algo que seguro tamén agradaría a Luís. Francisco Armesto termina dando testemuño do que significou Luís para os museos de ciencia coruñeses e que seguirán traballando na divulgación científica, como Luís sempre desexou.

Marisa Castro Cerceda

Intervén Marisa Castro, compañeira de Luís durante moitos anos. As súas primeiras palabras emocionadas son de agradecimiento aos organizadores do acto e aos museos de ciencia coruñeses.

Marisa cóntanos como coñeceu a Luís Freire. Era febreiro do ano 1976 e na aula nº 6 da Facultade de Bioloxía de Santiago pasábase unha película sobre arañas mariñas. Entra un alumno maior, discreto e segundo Marisa, moi parecido a Marcelino Camacho. Levaba posto o “uniforme de campo” que tan ben todos nós coñeciamos: xerseiro branco de pescozo alto, traxe gris claro e zapatillas de deporte. Marisa preguntoulle a unha compañeira e esta contoulle que se trataba dun alumno de bioloxías que sabía moito de plantas, insectos e cogomelos.



Pasaron dous anos antes de volver velo. Marisa, xa en cuarto curso de carreira, matriculouse en ampliación de Botánica Criptogámica e Luís Freire substitúe a Lucía Luca de Tena, que se desprazaba por matrimonio a outro país. Conta Marisa que para todos os alumnos, aquel cambio foi unha verdadeira revolución. Un sopro de aire fresco. Luís sorprendeu a todos polas súas singularidades persoais e polos cambios na forma de impartir as clases. Os alumnos empezaron a encher as súas aulas atraídos pola súa originalidade, humildade, vitalidade e sobre todo unha enorme xenerosidade.

Era un comunicador nato, pleno de saberes. O seu grande amigo o Doutor Luís Cabo Rei, adoitaba dicir que era como unha caixa que cando se abría saía de todo. Ensinoulles a ser críticos coas ideas case dogmáticas da universidade española de entón, a utilizar bibliografía, a perder o medo aos idiomas e a traballar en equipo. Marisa conta unha anécdota moi significativa: un alumno entregoulle un bo traballo comentando que o realizara el só, posto que o resto do equipo non se prestou á colaboración. Luís evaluó o exame e díxolle que era magni-

fico, digno de 10 puntos; pero que lle ía a puntuar cun 2,50, xa que o restante 7,50 había que repartilo entre os outros tres que formaban o equipo. Seguro que este estudante aprendeu a lección. Favorecía a autoestima dos seus alumnos. Si uno non era capaz de identificar unha planta no laboratorio, el dicíalle que estaba ben, que persistise: “*non se desanime usted, agora xa sabe a que non é e dentro de pouco coñecerá a correcta. Si o acertase á primeira podería ser por casualidade*”.

Segue recordando Marisa, que ensinou a traballar con rigor. Unha frase de Luís moi significativa: “*A persoa mellor informada sobre o tema exposto debe ser o autor, por iso ten que facer todo o posible para que o outro teña acceso con veracidade á información e con máis motivo en traballos de divulgación*”. Na comunicación entre investigadores pódense cometer erros, por que os interlocutores teñen capacidade para corrixilos, pero en divulgación, non. Un político, un técnico ou unha persoa da rúa non teñen por que saber onde obter información nin como interpretala e si lle damos unha versión falseada ou incorrecta estámolles estafando irremisiblemente. Non esquezan vostedes que divulgar é diferente a vulgarizar. Así era Luís Freire. Marisa cre que naquel ano de 1978, moitos de nós aprendemos a diferenciar a un profesor dun Mestre.

Para moitos dos meus compañeiros e para min, empezou desde entón unha forma diferente de enfocar a vida. Sobre todo para min, di Marisa, xa que a finais dese ano traballamos xuntos preparando a miña Tese de Licenciatura e posteriormente a Tese de Doctorado. Segue contándonos que a principios do ano 1981 empezaron a convivir xuntos. “*Eramos un tándem perfecto*”. Conta que o compartían todo: vida, cultura, economía e ata expulsión da Universidade de Santiago. Non quere recordar demasiado aquel episodio, que ten que ver moito coa envexa dalgunha persoa. Para Marisa foi un tempo fantástico, gozando a relación e absorbendo como unha esponja. A parella, malia que a economía non sempre foi boiante, viviu unha das mellores etapas da súa vida. Escribían xuntos diversas publicacións e artigos, impartían cursos, describiron dúas novas especies de cogomelos para a ciencia, e gozaron 17 anos dunha vida emocionante e intensa. O 13 de Decembro de 1997 Luís foise, como os cogomelos ao final de outono. Marisa di que só fisicamente, por que o recordo vivo e o seu magisterio segue enriquecendo a todos os que tivemos o privilexio de coñecelo e gozalo.

Alberto Freire – Fillo de Luís

A continuación, Díaz Núñez cede a palabra ao fillo de Luís, Alberto Freire. Este dá emocionadas grazas a toda a organización e aos asistentes pola realización destes entrañables actos en recordo do seu pai e pídenos a atención para dedicarlle outra poesía, na que pretende destacar dúas virtudes, que xa se reflectiron en diversas intervencións: a humildad do seu pai e a magistral forma de ensinar.

Cea

Clausúrase o acto cunha cea, na cal os amigos e algúns dos seus familiares recordaron moitas vivencias e anécdotas vividas en compañía do homenajeadado, ao que sempre recordaremos.

!!MAGNÍFICO LUÍS!!